



Concello de Bueu

| | |
|-----------------------|--|
| Expediente | 475/2022- Código SIA 1431310 |
| Procedimiento | Licenzas de Auto-Taxi |
| Asunto | PROBAS DE CAPACITACIÓN PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO MUNICIPAL DE CONDUCCIÓN DE TAXIS NO MUNICIPIO DE BUEU CORRESPONDENTES AO ANO 2022 |
| Unidad gestora | Departamento de Urbanismo, Medio Ambiente Urbano, Actividade de Supervisión e Patrimonio |
| Documento | Anuncio do Tribunal cualificador |
| Trámite | Resolución de alegacións presentadas en tempo e forma e Cualificación definitiva da proba de capacitación para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu - Licenzas de Auto-Taxi relativo ao ano 2022 |

ANUNCIO

Asunto: Resolución de alegacións presentadas en tempo e forma e Cualificación definitiva da proba para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu - Licenzas de Auto-Taxi relativo ao ano 2022.

O Tribunal do procedemento de capacitación de referencia, na sesión celebrada hoxe, día 28 de xuño de 2022, acordou o seguinte:

1.- Resolución de alegacións presentadas en tempo e forma

En relación coa reclamación formulada, en tempo e forma, polo candidato, Jose Antonio Dacosta Bermudez, mediante escrito de 20.06.2022 (RE núm. 2022-E-RC-3493), do seguinte xeito:

“... El día 03.05.2022 a las 12.21 queda registrada mi solicitud para obtener permiso de conducción de taxis, la cual es aprobada (RE .Num 2315/2022). Dicha solicitud en su apartado II da 2 opciones para el medio de notificación preferente: una a través de la sede electrónica del concello, y otra por correo postal. Yo escojo la 2ª y quedo a la espera de dicha carta que me informa sobre fecha y hora del examen. El concello nunca me envi  la carta, con lo cual no me enter  del examen, por eso no me presente. En urbanismo me dijeron que el concello no notifica por correo postal. Entonces mi pregunta es ¿Porque la solicitud da esa opci n? Y ¿Por qu  se aprueba la solicitud, si esta mal cubierta?

Solicita poder hacer el examen al cual no me presente por las causas anteriormente expuestas....”

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validaci n: AKFXJY5HDXGQNFQWY6KP53HEM | Correcci n: https://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electr nicamente desde a plataforma xestiona esPublico | P xina 1 a 5



Concello de Bueu

O Tribunal, a vista do exposto polo interesado, se remite ao contido nas Bases reguladoras do procedemento que sinalan:

Punto 4.- ADMISION DOS ASPIRANTES.

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, a alcaldía ditará resolución aprobando as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as, coa expresión das causas de exclusión e prazo de corrección.

Así mesmo, na devandita resolución farase constar o lugar, data e hora de realización do exame.

A lista provisional de admitidos/as será exposta no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) (apartado “INFORMACIÓN XERAL”.- Taboleiro de anuncios/sección “Fomento da actividade económica “), sen prexuízo de que , de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello. Na mesma resolución determinarase a composición do tribunal cualificador...”

En canto á alegación de que o medio escollido polo interesado aos efectos de notificación sinalado na solicitude foi postal, indicar que a solicitude contén esa opción por si fose necesario proceder a realizar a notificación individual dun acto aos interesados, (non estando mal cuberta neste senso a solicitude por dita causa), se ben o medio preferente e que se establece con carácter xeral nas indicadas Bases é a notificación dos actos aos interesados por medio da publicación dos mesmos.

Sendo de aplicación o aprobado e recollido nas Bases por tratarse dun procedemento de capacitación e concurrencia, e por entender que era o máis adecuado e garantista, aplicando por analogía o disposto ao respecto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 que regula a notificación por medio da publicación, e di: “Cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concurrencia competitiva de calquer tipo. Neste caso, a convocatoria do procedemento deberá indicar o medio onde se efectuaran as sucesivas publicacións, carecendo de validez as que se leven a cabo en lugares distintos”.

Ao respecto do anterior o agora recorrente, aceptou as indicadas Bases ao asinar e presentar a solicitude de participación no procedemento, incluído o medio de notificación a través da publicación dos actos, tal e como se indica expresamente no

Punto 3.2.-CONTIDO DAS SOLICITUDES:

“...Coa presentación da solicitude de participación no proceso selectivo entenderáse que os/as interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria, e que





Concello de Bueu

manifestan, baixo a súa responsabilidade que dispoñen da documentación que acredita o cumprimento dos requisitos.

Polo tanto o medio de notificación no presente procedemento establecido non é a notificación individual, ben sexa postal ou electrónica, senon a notificación a través da publicación dos actos polo establecido expresamente nas Bases, resultando un medio válido e admitido a tal efecto pola normativa reguladora, en concreto pola Lei 39/2015.

En canto ao apartado sinalado polo interesado que considera "...aprobada a solicitude (RE Num. 2315/2002) informase que as bases reguladoras do procedemento indican que ata que non se publica no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello a lista provisional de admitidos/as, xunto co lugar, día e hora do exame, os participantes non se poden considerar admitidos para a proba. Sinalar que dito anuncio estivo exposto no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo, dende o 30.05.2022 ata o 14.06.2022, según consta no certificado de auditoria de publicación no taboleiro de anuncios.

O Tribunal, polo anteriormente exposto **acorda, desestimar o escrito de alegacións presentado por Jose Antonio Dacosta Bermudez, con data 20.06.2022 (2022-E-RC-3493), en base as consideracións recollidas nas Bases reguladoras do procedemento para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no Concello de Bueu e convocatoria do procedemento para o ano 2022**, aprobadas en Xunta de Goberno Local de o 21.03.2022, publicadas nop BOP.PO núm 83 de 02.05.2022, e, en base ao nomeamento e convocatoria efectuadas por resolución da Alcaldía (R.A.) núm.2022-0747 de 30.05.2022, que establecen e regulan o procedemento da convocatoria da proba de capacitación.

2.- Cualificación definitiva da proba de capacitación.-

Logo da resolución desestimatoria do escrito de alegacións presentado en tempo e forma, a cal no invalida a proba de capacitación celebrada o día 15.06.2022 na sala multiusos do Centro Social do Mar, o Tribunal acorda, por unanimidade dos seus membros, en cumprimento do disposto na base 8ª das bases reguladoras do procedemento, aprobar o **resultado definitivo da proba (exercizo tipo Test) para a obtención do permiso municipal de conducción de taxis no municipio de Bueu-Licenzas de auto-taxi relativo ao ano 2022**, do seguinte xeito:

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AKFXJY5HDXGGQNFQWY6KP53HEM | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



Concello de Bueu

| ASPIRANTES | DNI | CUALIFICAC IÓN DEFINITIVA DO TEST | RESULTADO DA CUALIFICA CIÓN |
|--------------------------------------|-----------|-----------------------------------|-----------------------------|
| Serafin Juncal Dopazo | ***9978** | 6,66 | APTO |
| Pablo Simon Torres | ***1203** | 7,66 | APTO |
| Martin Loira Estevez | ***9387** | 9,66 | APTO |
| José Francisco Azuaga Hermida | ***9312** | 7,66 | APTO |
| Eva Fariña Aldao | ***2655** | 9,33 | APTA |
| Valeria Valentina Casanova Rodríguez | ***7499** | 8,66 | APTA |

Unha vez superado o exame procederase, de oficio, á expedición do certificado de aptitude a todas as persoas declaradas aptas na proba de capacitación.

Para a expedición do certificado, deberá achegarse polo interesado a seguinte documentación:

a) Certificado ou informe médico emitido por médico colexiado que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico ou psíquico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión de condutor de taxi.

Os certificados ou informes presentados que non indiquen o establecido no anterior parágrafo, non serán admitidos (considérase caducado se pasaron máis de tres meses entre a súa data de expedición e a data da apertura do prazo de presentación de solicitudes de participación).

b) Declaración xurada de Non atoparse inhabilitado para o exercizo da profesión de taxista por sanción administrativa ou sentenza xudicial firme

O que se publica para o coñecemento dos aspirantes que concorreron en tempo e forma á citada proba de capacitación, en cumprimento da base 7.3 e 8ª das bases reguladoras do procedemento de referencia.

O presidente e a secretaria do tribunal.

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AKFXJY5HDXGQNFQWY6KP53HEM | Corrección: https://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



Concello de Bueu

(documento asinado electronicamente)

Concello de Bueu

C/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029.



Cod. Validación: AKFXJY5HDXGGQNFQWY6KP53HEM | Corrección: <https://bueu.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5